

# O NADAL DE ERNESTO E CELESTINA

Texto e ilustracións de GABRIELLE VINCENT

Tradución de TAMARA ANDRÉS

Encadernado en cartón. 24 x 22 cm. 40 páx. 15 €.

**O Nadal de Ernesto e Celestina** (galego)  
ISBN 978-84-8464-418-7. Tras os montes.

**La Navidad de Ernesto y Celestina** (castelán)  
ISBN 978-84-8464-419-4. Clásicos contemporáneos.

**Nadal a casa de l'Ernest i la Celestina** (catalán)  
ISBN 978-84-16804-59-7. Clàssics contemporanis.

**Ernesto eta Zelestina, Eguberriak etxean** (éuscaro)  
ISBN 978-84-9172-070-6. Gaur egungo klasikoak.

*-Ernesto, canto falta para o Nadal?*

*-Seis días.*

*-Lembras que me prometiches facer unha festa cos amigos, verdade?*


*-Lembro, pero non temos cartos...*

Para celebrar o Nadal abonda con ter tanto entusiasmo e imaxinación como Celestina; non como o seu amigo Ernesto -máis preocupado polo frío do inverno- que non está por cumprir a súa promesa de organizar unha festa co pretexto de que habería que gastar uns cartos que non teñen. Pero malia as momentáneas decepcións, Celestina sempre sae coa súa; Ernesto é tan xeneroso e boiño, que -deixando a un lado o seu carácter racional- accede a axudala para que non se desguste.

Porque na axuda mutua está a clave desta historia entrañable e tenra: xuntos van buscar ao bosque canto precisan para adornar o seu humilde fogar, xuntos confeccionan debuxos, un cociña mentres a outra envolve os sinxellos agasallos que prepararon. E inesperadamente, descubriremos a un pícaro Ernesto tomando a iniciativa para sorprenden os asistentes e a propia Celestina, conviréndose na alma dunha festa de Nadal inesquecible.

Como na trintena de títulos que conforman esta serie creada nos 80 por Gabrielle Vincent, "O Nadal de Ernesto e Celestina" caracterízase polo formato dialogado do relato e pola carga emocional dos seus protagonistas humanizados. As ilustracións destacan pola grande expresividade e xestualidade dos personaxes. Dispostas en viñetas, a modo de fotogramas consecutivos ou a toda páxina, son imaxes luminosas de trazos soltos e lixeiros, sutilmente coloreadas.

As andanzas do gran oso e da fráxil ratiña conmóvennos e reconcíliannos co mundo porque transmiten o valor da auténtica amizade, a capacidade para atopar a felicidade nas cousas sinxelas, para compartir o pouco que teñen cos demais.



■ **Temática:** Nadal; amizade, xenerosidade, imaxinación.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos, primeiros lectores.

■ **Aspectos destacables:** diferentes aspectos físicos, personalidades distintas e complementarias; emocións; compañeirismo, bondade; pobreza, superación; creatividade, reciclaxe; da autora de "[Ernesto e Celestina, músicos da rúa](#)" e "[Ernesto e Celestina perderon a Simeón](#)" (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/nadal-ernesto-celestina-g>

## Gabrielle Vincent

(Bruxelas, 1928 - 2000)

Pseudónimo de Monique Martin, que tomou ese nome dos seus avós, Gabrielle e Vicent. Traballou como pintora antes de iniciar, nos anos 80, a súa traxectoria como autora e ilustradora de libros infantís. A serie *Ernesto e Celestina* -que se adaptou ao cine en 2012 e recibiu o Premio César á mellor película de animación, unha mención especial no Festival de Cannes e foi distinguida pola Asociación de Críticos dos Ánxeles- foi a súa obra máis recoñecida.



www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com